

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ORDE do 27 de setembro de 2022 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021/22, convocados pola Orde do 31 de marzo de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 78, do 25 de abril).

A Orde do 31 de marzo de 2022 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021/22 (DOG núm. 78, do 25 de abril), establece no seu artigo 15.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional viuse afectada pola reestruturación establecida no artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez realizada a proba, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polo alumnado, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021/22 e a correspondente proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021/22 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por delegación de competencia establecida na Orde do 29 de xullo de 2022 (DOG núm. 151, do 9 de agosto), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
 P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)
 Manuel Vila López
 Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
 Formación Profesional e Universidades

ANEXO

Premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2021/22

Nº inscrición	Apelidos e nome	Cód. centro	Centro educativo	Importe
2243000943	Asegurado Mougán, Daniel	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	1.000 €
2201000559	Ayaso Torres, Carlos	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000 €
2265000974	Casas Neo, Mencía	15026391	IES Xulián Magariños	1.000 €
2267000391	Castro Díaz, Antía	27006531	IES Lucus Augusti	1.000 €
2272000526	Domínguez Fernández, Nicolás	36011270	CPR Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000 €
2230000762	Duckworth Juárez, Marta	15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	1.000 €
2210000415	Gallardo Quevedo, María	32009190	IES As Lagoas	1.000 €
2240000483	Geada Bernal, Alba	27013958	IES Monte Castelo	1.000 €
2260000632	Martínez Cabeza, Sabela	36019670	IES do Castro	1.000 €
2261000596	Montoto Pintos, Eva	15027411	IES de Cacheiras	1.000 €
2226000495	Otero Lema, Brais	15026716	IES Plurilingüe Adormideras	1.000 €
2297000751	Parada Burés, Diego	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	1.000 €
2213000887	Pereira Angueira, Tomás	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000 €
2289000814	Pérez Moreta, María	15015603	CPR Plurilingüe La Salle	1.000 €
2213000769	Pérez Soto, Mateo	15003212	IES Agra de Raíces	1.000 €
2280000665	Pin Yeste, Alberto	15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	1.000 €
2239000423	Sanjurjo Carballeira, Erea	15025712	IES Antonio Fraguas Fraguas	1.000 €
2211001006	Sanmartín Goyanes, Alexandre	15015561	CPR Manuel Peleteiro	1.000 €
2261000911	Senín Sánchez, Clara	36012471	IES Castro Alobre	1.000 €
2264000569	Villamarín Puentes, Manuela	36019670	IES do Castro	1.000 €

